REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Día: 16.10.2018 Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 16 de outubro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas

1.1 33401 (10/POC-005216)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 2 máis
Sobre os datos referidos ás vivendas adheridas ao Programa de vivendas baleiras, a valoración do Goberno galego en relación con desenvolvemento deste programa e as modificacións que está a valora nel
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018

1.2 33483 (10/POC-005236)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis
Sobre o balance do Goberno galego das primeiras convocatorias do programa de axudas aos concellos para a rehabilitación de antigas vivendas de mestres, outros oficios e demais edificios de titularidade municipal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 342, do 27.07.2018

1.3 35309 (10/POC-005589)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre os beneficios que terían nos ámbitos social, territorial e laboral dos concellos da comarca de Ordes os parques eólicos Monte Inxerio e Gasalla, promovidos pola empresa Green Capital Power, S. L., así como o seu impacto nos terreos, na gandaría, no contorno natural e no patrimonio do Camiño Inglés
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 353, do 06.09.2018

1.4 35370 (10/POC-005610)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as condicións do contrato de xestión de tratamento coa empresa Cerámicas Campo para a xestión e tratamento dos pneumáticos depositados nas súas instalacións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 353, do 06.09.2018

1.5 35502 (10/POC-005657)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Moreira Ferro, Jacobo e 8 máis
Sobre o estado de execución no que se atopan as obras de reforma da ponte da Barca, na estrada PO-531, entre os concellos de Pontevedra e Poio, así como o plan que se está a manexar para minimizar o seu impacto no tráfico

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 355, do 13.09.2018

1.6 35540 (10/POC-005670)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as razóns do Goberno galego para non aprobar as directrices da paisaxe no prazo comprometido e a súa valoración respecto da realización de proxectos de parques eólicos antes da súa aprobación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 355, do 13.09.2018

1.7 35667 (10/POC-005679)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o ataque dunha manda de cans padecido por unha veciña do concello da Estrada a mediados do mes de agosto de 2018, as actuacións levadas a cabo e as medidas provisionais previstas polo Goberno galego ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 355, do 13.09.2018

1.8 36966 (10/POC-005872)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as demandas realizadas polo Goberno galego ao Goberno central para mellorar a conexión ferroviaria entre Vigo e Oporto, evitar o paso da liña férrea polo Porriño e eliminar os pasos a nivel, así como o estado de tramitación do proxecto da saída sur de Vigo e da electrificación da liña entre Vigo e a fronteira portuguesa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 363, do 27.09.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2018

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidenta	
Marta Nóvoa Iglesias	P
Secretario	
Antón Sánchez García	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Martín Fernández Prado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 16.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 16.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 33401(10/POC-005216)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre os datos referidos ás vivendas adheridas ao Programa de vivendas baleiras, a valoración do Goberno galego en relación con desenvolvemento deste programa e as modificacións que está a valora nel

Publicación da iniciativa, 338, 19.07.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 16:30
Nº Rexistro: 33401
Data envio: 12/07/2018 14:03:47.007

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O Programa de vivendas baleiras tense posto en marcha coa idea de destinar vivendas baleiras de propiedade pública ou privada ao alugueiro social por parte de familias desfavorecidas.

Como aliciente para as persoas propietarias, as vivendas que se incorporan a este programa teñen aseguradas, por parte do IGVS e sen custo para os propietarios e propietarias, as seguintes coberturas:

1. Un seguro multirisco do fogar, polo que quedarán cubertos todos aqueles danos sufridos pola vivenda durante a vixencia do arrendamento.

2. Un seguro da garantía do cobro da renda nas mensualidades impagadas polas persoas arrendatarias e a asistencia e defensa xurídica das persoas arrendadoras nos procesos de desafiuzamento ou reclamacións de cantidade por impago de rendas, que inclúa como mínimo os honorarios de avogado e dereitos e suplidos de procurador, cando a súa intervención sexa preceptiva, gastos notariais e de outorgamento de poderes para preitos e gastos de execución procesual. A garantía do cobro das rendas impagadas non poderá superar o período máximo de doce mensualidades.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten asinado un convenio de colaboración coa Fegamp para difundir e promover a incorporación dos concellos ó Programa de vivendas baleiras.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 16:30
Nº Rexistro: 33401
Data envio: 12/07/2018 14:03:47.007

53 son os concellos que a data do 6 de xuño de 2018 adheridos e coas bases aprobadas e publicadas.

Na orde do 14 de marzo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa Rehaluga dirixidas ás persoas propietarias ou usufrutuarias das vivendas en trámite de incorporación no marco do Programa de vivendas baleiras, faise referencia á orde do 19 de maio de 2017 pola que se establecían as bases reguladoras das subvencións do Programa Rehaluga dirixidas ás persoas propietarias ou usufrutuarias das vivendas en trámite de incorporación no marco do Programa de vivendas baleiras, na que se apreciaba e se manifestaba a necesidade de incorporar modificacións a este programa, polo que procede a redacción dunhas novas bases reguladoras.

A realidade é que no ano 2017 tan só tres foron as persoas beneficiadas polas axudas para incentivar a posta no mercado das súas vivendas.

Esas tres persoas se repartiron 10.497 €, o que supuxo un 3,5 % de execución do orzamento previsto para este programa de axudas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o número total de vivendas baleiras adheridas ó Programa de vivendas baleiras?
2. Cantas desas vivendas foron adxudicadas a demandantes?
3. Cal é o desglose por concellos?
4. Cal foi o número de demandantes de vivenda?
5. Que tipo de valoración fai o Goberno deste programa ata o momento?
6. A propia Xunta de Galicia ten recoñecido a necesidade de incorporar modificacións ó Programa de vivendas baleiras. Que tipo de modificacións se están a valorar?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 16:30
Nº Rexistro: 33401
Data envio: 12/07/2018 14:03:47.007

7. Como valora este Goberno que na pasada convocatoria fosen tan só 3 as persoas que se beneficiasen de subvencións para a mellora e posta a punto da súa vivenda de cara a poder ofertala como vivenda baleira?
8. Entende que os incentivos son o suficientemente atractivos para as persoas propietarias?

Pazo do Parlamento, 12 de xullo de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 12/07/2018 14:00:55

Raúl Fernández Fernández na data 12/07/2018 14:01:01

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/07/2018 14:01:05

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 16.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 33483(10/POC-005236)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis

Sobre o balance do Goberno galego das primeiras convocatorias do programa de axudas aos concellos para a rehabilitación de antigas vivendas de mestres, outros oficios e demais edificios de titularidade municipal

Publicación da iniciativa, 342, 27.07.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2018 11:05
Nº Rexistro: 33483
Data envio: 16/07/2018 11:05:55.466

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Mª Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e **Daniel Varela Suanzes-Carpegna,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

A rehabilitación é un dos eixos fundamentais na política de vivenda da Xunta de Galicia.

Froito desta aposta, en 2017 o Goberno galego poñía en marcha un novo programa de axudas aos concellos de menos de 20.000 habitantes para a rehabilitación das antigas vivendas de mestres, doutros oficios, así como vivendas de titularidade municipal.

Un novo programa a través do cal os municipios poden solicitar subvencións para rehabilitar e poñer en valor edificios da súa titularidade, co obxectivo e compromiso de obter vivendas destinadas ao alugueiro con prezos reducidos, para familias con ingresos limitados.

En 2017 realizouse unha primeira convocatoria destas axudas e no presente exercicio, 2018, xa a segunda, que incrementou de forma notable a dotación orzamentaria prevista, para poder responder á demanda e ao interese que ten suscitado entre os concellos.

É por iso que os deputados asinantes formulamos as seguintes preguntas:

1. Que balance fai o Goberno galego das primeiras convocatorias do programa de axudas aos concellos para a rehabilitación de antigas vivendas de mestres, outros oficios e demais edificios de titularidade municipal?

2. Cantos municipios se están a beneficiar deste novo programa de axudas da Xunta?

3. A canto ascenden as subvencións concedidas?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2018 11:05
Nº Rexistro: 33483
Data envio: 16/07/2018 11:05:55.466

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 13/07/2018 11:06:29

Martín Fernández Prado na data 13/07/2018 11:06:37

Jacobo Moreira Ferro na data 13/07/2018 11:06:56

Marta Novoa Iglesias na data 13/07/2018 11:07:04

María Julia Rodriguez Barreira na data 13/07/2018 11:07:11

Gonzalo Trenor López na data 13/07/2018 11:07:18

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 13/07/2018 11:07:27

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 16.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 35309(10/POC-005589)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre os beneficios que terían nos ámbitos social, territorial e laboral dos concellos da comarca de Ordes os parques eólicos Monte Inxerio e Gasalla, promovidos pola empresa Green Capital Power, S. L., así como o seu impacto nos terreos, na gandaría, no contorno natural e no patrimonio do Camiño Inglés

Publicación da iniciativa, 353, 06.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 13:42
Nº Rexistro: 35309
Data envio: 29/08/2018 13:42:15.226

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª.**

Green Capital Power S. L. proxecta construír dous parques eólicos na comarca de Ordes, o de GASALLA e o do MONTE INXERIO. Segundo parece, ámbolos dous van recibir a declaración de interese especial por parte do Consello da Xunta de Galicia.

O parque eólico de Gasalla vaise situar nos concellos de Frades e Mesía, afectando ao solo agrario dunha importante zona de produción leiteira. O lugar xa padece na actualidade a presión dos proxectos mineiros da empresa Erimsa, moi prexudiciais para as explotacións do lugar.

O parque do Monte Inxerio estará situado nos concellos de Ordes e Cerceda, preto do vertedoiro da Areosa, da planta de Gesuga, da liña do AVE e da central térmica de Meirama. Non fai falta subliñar os impactos que todas estas instalacións teñen para a natureza e a paisaxe.

A empresa promotora intenta promover tamén outros parques eólicos na comarca –o da Pobra, o de Ardemil e o de Lavandeira–, situados uns a continuación dos outros. Deste xeito, estase a fracciona un proxecto de enorme envergadura, coa finalidade de ocultar á cidadanía o seu impacto real.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 13:42
Nº Rexistro: 35309
Data envio: 29/08/2018 13:42:15.226

GRUPO PARLAMENTAR en marea

A construción dos parques eólicos na comarca de Ordes tería consecuencias negativas para a contorna e para a economía.

A normativa galega obriga a construír os parques a 500 metros dos fogares, aínda que diversos estudos defenden que para a potencia que se pretende instalar a distancia prudente sería de 6 quilómetros. Contravindo estas indicacións, no caso que nos ocupa preténdese situar algúns dos muíños a tan só 80 metros das casas.
Os xeradores de 150 metros provocarían un impacto visual moi negativo na paisaxe, prexudicando a experiencia do Camiño Inglés e dos seus fitos patrimoniais (castros, igrexas, mámoas, cruceiros...). Danarían, polo tanto, ao sector turístico dos concellos da zona.

Os prexuízos económicos que causarían os parques non serían compensados de ningún xeito.

En definitiva, os parques eólicos da comarca de Ordes serían un negocio ben rendible para a empresa promotora, pero unha carga nociva para a veciñanza, o medio ambiente e a economía local. Así, non tería sentido que foran declarados de "especial interese", xa que, segundo a Lei 5/2017, dita declaración precisa da "súa especial incidencia e beneficios no ámbito industrial, social e territorial".

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Cales son os beneficios no ámbito social, territorial e laboral que terían os parques eólicos nos concellos da comarca de Ordes?
- Que impactos terían nos terreos? E na gandería? E na contorna natural? E no patrimonio do Camiño?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 13:42
Nº Rexistro: 35309
Data envio: 29/08/2018 13:42:15.226

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 29/08/2018 12:46:47

Marcos Cal Ogando na data 29/08/2018 12:46:59

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos
Día: 16.10.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 35370(10/POC-005610)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as condicións do contrato de xestión de tratamento coa empresa Cerámicas Campo para a xestión e tratamento dos pneumáticos depositados nas súas instalacións

Publicación da iniciativa, 353, 06.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:19
Nº Rexistro: 35370
Data envio: 30/08/2018 11:19:51.490

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa aos pneumáticos da Laracha en Cerámicas Campo.

Estímase que na parroquia de Lendo, no concello da Laracha, atópanse depositados arredor de 35.000 toneladas de pneumáticos, tratándose do depósito de pneumáticos máis grande de toda Galiza. A súa xestión e tratamento ten que ser un obxectivo prioritario. Recentemente, en abril, acaba de comezar a eliminación dos pneumáticos do vertedoiro e nese sentido é preciso coñecer todos os detalles a respecto da licitación do contrato de xestión e tratamento dos mesmos.

Estes pneumáticos levan acumulados nunha parcela propiedade de Cerámicas Campo dende os anos 90. En aras da transparencia é preciso coñecer tamén o papel que desempeñan os propietarios da parcela no proceso de eliminación dos pneumáticos e o seu tratamento.

Polo exposto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Baixo que condicións, contrato, proxecto de xestión...foi concedido o permiso e case a exclusiva de almacenaxe e tratamento de pneumáticos á empresa Campos?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:19
Nº Rexistro: 35370
Data envio: 30/08/2018 11:19:51.490

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Recibiu a Xunta de Galiza algunha compensación por parte dos propietarios da parcela pola retirada actual dos pneumáticos?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2018 11:14:31

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2018 11:14:36

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2018 11:14:38

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2018 11:14:39

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2018 11:14:40

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:19
Nº Rexistro: 35370
Data envio: 30/08/2018 11:19:51.490

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2018 11:14:42

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 16.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 35502(10/POC-005657)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 8 máis

Sobre o estado de execución no que se atopan as obras de reforma da ponte da Barca, na estrada PO-531, entre os concellos de Pontevedra e Poio, así como o plan que se está a manexar para minimizar o seu impacto no tráfico

Publicación da iniciativa, 355, 13.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 12:46
Nº Rexistro: 35502
Data envio: 31/08/2018 12:46:08.489

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, Martín Fernández Prado, Guadalupe Murillo Solís, Marta Novoa Iglesias, Diego Calvo López, Jaime Castiñeira Broz, María Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

O pasado 5 de xullo formalizouse o contrato administrativo de obras de reparación da Ponte da Barca, ubicada na PO-531, entre os Concellos de Pontevedra e Poio. As obras foron adxudicadas por un importe total de 930.809,05 euros, e teñen un prazo de execución de 5 meses.

O proxecto foi redactado despois de levar a cabo minuciosos estudos da infraestrutura para analizar o seu estado, contando para elo incluso con imaxes obtidas a través de drons.

A actuación inclúe a renovación da marquesiña que protexe as beirarrúas, unha nova estrutura de madeira especialmente deseñada para evitar a acumulación da auga e a cuberta será de aluminio para garantir a maior resistencia. A súa execución conleva unha gran complexidade ao ter que realizar os traballos en altura minimizando o impacto no tráfico e no tránsito dos peóns.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes **Preguntas Orais en Comisión:**

1.- En que estado de execución se atopan as obras de reforma da Ponte da Barca?

2.- Cal é o plan que se manexa para minimizar o impacto no tráfico da execución das obras?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 12:46
Nº Rexistro: 35502
Data envio: 31/08/2018 12:46:08.489

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Jacobo Moreira Ferro na data 31/08/2018 12:41:10

Martín Fernández Prado na data 31/08/2018 12:41:27

María Guadalupe Murillo Solís na data 31/08/2018 12:41:44

Marta Novoa Iglesias na data 31/08/2018 12:41:58

Diego Calvo Pouso na data 31/08/2018 12:42:09

Jaime Castiñeira Broz na data 31/08/2018 12:42:19

María Julia Rodriguez Barreira na data 31/08/2018 12:42:28

Gonzalo Trenor López na data 31/08/2018 12:42:41

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 31/08/2018 12:42:55

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 16.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 35540(10/POC-005670)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as razóns do Goberno galego para non aprobar as directrices da paisaxe no prazo comprometido e a súa valoración respecto da realización de proxectos de parques eólicos antes da súa aprobación

Publicación da iniciativa, 355, 13.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2018 10:00
Nº Rexistro: 35540
Data envio: 31/08/2018 14:41:48.317

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª.**

As Directrices de Paisaxe son, segundo o artigo 10 da Lei 7/2008, determinacións fundamentadas no Catálogo das paisaxes que establecen para cada unidade de paisaxe os obxectivos de calidade paisaxística.

A lei tamén establece que os obxectivos de calidade paisaxística deben expresar as aspiracións da cidadanía en canto á valoración e ao grao de compromiso na protección da paisaxe, polo que a determinación destes obxectivos debe partir dun proceso de participación pública.

O proceso de participación pública para a elaboración das Directrices de Paisaxe tivo lugar entre febreiro e abril de 2016.

Tal e como establece a Lei 7/2008, as Directrices de Paisaxe inclúen:

- Os indicadores de calidade paisaxística para o control e seguimento do estado e evolución das unidades de paisaxe.

- Normas e recomendacións para a integración dos obxectivos de calidade paisaxística nos plans urbanísticos e sectoriais, así como nas estratexias rexionais ou locais.

Estas determinacións impleméntanse mediante directrices de carácter vinculante para os instrumentos de planificación sectorial e urbanística.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2018 10:00
Nº Rexistro: 35540
Data envio: 31/08/2018 14:41:48.317

O borrador de Directrices de Paisaxe, actualmente en tramitación, inclúe:

1. Directrices xerais para a consideración da paisaxe no planeamento urbanístico, noutros instrumentos de ordenación ou xestión do territorio (instrumentos de ordenación e xestión de espazos naturais, de ordenación e xestión forestal e procedementos de reestruturación parcelaria) e directrices para a integración paisaxística das construcións en solo rústico.

2. Directrices para elementos presentes en distintos tipos de paisaxe: infraestruturas enerxéticas e viarias, parques eólicos, bancais, peches, valados, sebes, elementos do patrimonio cultural materiais e inmateriais, polígonos industriais, sendas, Camiños de Santiago, viarios históricos e tradicionais, miradoiros e puntos de observación.

3. Directrices para acadar os obxectivos de calidade paisaxística de cada Grande Área Paisaxística e das diferentes unidades de paisaxe.

4. Directrices para acadar os obxectivos de calidade paisaxística de AEIP e AEAP.

O Consello da Xunta aprobou o 12 de decembro de 2016 o inicio do trámite de avaliación ambiental das Directrices de Paisaxe.

Feijóo anunciou naquel momento que as Directrices serían aprobadas en 2017 facendo fincapé en que as Directrices de paisaxe son un deber legal, tal e como figura na Lei de protección de paisaxe de Galicia, e un deber colectivo da sociedade, xa que fai falta diagnosticar os obxectivos de calidade e garantir unha mellor xestión e protección.

Un ano e medio despois as Directrices de Paisaxe seguen sen aprobarse, segue sen aprobarse a Avaliación Ambiental, mentres si avanzan, por exemplo, os proxectos de instalación de parques eólicos polo país, que se proxectan sen os

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2018 10:00
Nº Rexistro: 35540
Data envio: 31/08/2018 14:41:48.317

condicionantes cos que deberían de contar no caso de que fosen unha realidade ditas Directrices.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

1) Cal é o motivo polo cal non están aprobadas as Directrices de Paisaxe no prazo prometido polo Presidente da Xunta de Galicia?

2) Como valora o feito de que se proxecten parques eólicos sen contar coas Directrices aprobadas?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 31/08/2018 14:40:26

Marcos Cal Ogando na data 31/08/2018 14:40:32

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 16.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.7 35667(10/POC-005679)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o ataque dunha manda de cans padecido por unha veciña do concello da Estrada a mediados do mes de agosto de 2018, as actuacións levadas a cabo e as medidas provisionais previstas polo Goberno galego ao respecto

Publicación da iniciativa, 355, 13.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 13:00
Nº Rexistro: 35667
Data envio: 03/09/2018 13:00:00.720

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

A mediados do mes de agosto, unha veciña do Concello de A Estrada tiña que ser hospitalizada de urxencia e operada polo brutal ataque feito por un grupo de cinco cans. A muller, de avanzada idade, sufriu graves feridas na cabeza, pescozo, pés e brazos. Os cans, son propiedade dun veciño da zona e campan sen control pola aldea dende o ano 2016 – o mesmo propietario recoñeceu publicamente que "viven en manada e liberdade" –, nunha finca duns 5.000 m².

Dende hai varios anos, os veciños puxeron denuncias ante o SEPRONA polo medo e porque eses cans xa mataran a varios animais da aldea, e o SEPRONA trasladou informes á Consellería de Medio Ambiente e ao Concello de A Estrada, mais ningún deles moveu nin un papel e botan balóns fóra. Agora o asunto está nun dos Xulgados de Instrución da localidade.

Segundo informacións do propio Concello, polo menos un destes cans é de raza potencialmente perigosa, mais o propietario negouse a entregalo e a facilitar a entrada no seu domicilio e na finca aos axentes do SEPRONA. "*No fue tan grave como parece pero está claro que la culpa es mía. Se me escaparon por debajo del alambre. La finca es muy grande y muchas zonas solo tienen alambre. Los perros escarban y terminan pasando por debajo. Esta vez la vieron venir y fueron a por ella*", dixo aos medios de comunicación.

Dende o día 3 de xaneiro deste ano, Galicia ten unha lei de Protección e Benestar dos Animais de Compañía (lei 4/2017, de 3 de outubro), que establece multitude de obrigas para os propietarios de animais e de cans de razas potencialmente perigosas, para os Concellos e para a propia Consellería de Medio Ambiente, que son os competentes en materia sancionadora.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 13:00
Nº Rexistro: 35667
Data envio: 03/09/2018 13:00:00.720

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

1.- Cumpre o Goberno da Xunta de Galicia a lei de Protección e Benestar dos Animais de Compañía (lei 4/2017, de 3 de outubro)?

2.- Ten coñecemento o Goberno do acontecido no Concello de A Estrada?

3.- Que pasou cos informes que xa existían do SEPRONA?

4.- Sabe o Goberno se o propietario dos cans tiña algunha clase de seguro de responsabilidade civil? Comprobouno?

5.- Sabe o Goberno se a propiedade cumpre as condicións axeitadas, tamén para cans perigosos, que esixe a lei 4/2017?

6.- Sabe o Goberno se están eses cans identificados?

7.- Sabe o Goberno se o propietario tiña licenza municipal para a súa tenza e para esas instalacións?

8.- Sabe o Goberno se está ese can potencialmente perigoso inscrito no Rexistro Municipal? Fixo o Goberno algún recoñecemento dese animal?

9.- Recibira o Goberno algunha comunicación municipal da tenza de máis de 5 animais?

10.- Vai tomar o Goberno algunha medida provisional, como a retirada dos cans e/ou o peche das instalacións?

11.- Ten solicitado o Goberno á autoridade xudicial, como fixo o SEPRONA, a entrada no domicilio?

Pazo do Parlamento, 3 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/09/2018 12:59:14

Raúl Fernández Fernández na data 03/09/2018 12:59:21

María Luisa Pierres López na data 03/09/2018 12:59:27

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 16.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.8 36966(10/POC-005872)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as demandas realizadas polo Goberno galego ao Goberno central para mellorar a conexión ferroviaria entre Vigo e Oporto, evitar o paso da liña férrea polo Porriño e eliminar os pasos a nivel, así como o estado de tramitación do proxecto da saída sur de Vigo e da electrificación da liña entre Vigo e a fronteira portuguesa

Publicación da iniciativa, 363, 27.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 17:31
Nº Rexistro: 36966
Data envio: 17/09/2018 17:31:51.043

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A modernización da conexión ferroviaria entre Vigo e Porto ten un longo historial de incumprimentos, atrasos e enganos. No ano 2006 os gobernos español e portugués incluíron o proxecto no plan conxunto de actuacións e fixaron a entrada en funcionamento do servizo no ano 2013. Coa escusa da crise estas previsións foron adiadas e precisamente nese ano 2013 adoptáronse algunhas decisións –sobre todo as supresión de 11 paradas- que permitiron reducir o tempo da viaxe desde as 3 horas ás 2 h e cuarto.

A pesar das melloras introducidas, a conexión ferroviaria Vigo-Porto ten aínda grandes carencias: tempo de duración da viaxe, limitación de horarios e frecuencias, inseguridade do trazado, trens anticuados...

2. Ao longo deste período de tempo fóronse anunciando sucesivamente os anos 2013, 2015 e 2017 (unha historia repetida noutros proxectos) para a posta en funcionamento da modernización da liña, que debe ter como obxectivo final comunicar Vigo e Porto en aproximadamente 75 minutos. Pero a realidade é que unha

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 17:31
Nº Rexistro: 36966
Data envio: 17/09/2018 17:31:51.043

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

infraestrutura que é vital e estratéxica para a vertebración da área xeográfica segue acumulando dilacións, atrasos e trasacordos.

3. O xoves 26 de xaneiro de 2017 tivo lugar en Vigo o foro "Vertebración ferroviaria da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal", organizado pola CEG e o Eixo Atlántico. Neste encontro, o secretario de Estado de Infraestruturas do goberno portugués, Guilherme D´Oliveira, anunciou as obras de modernización e electrificación da liña do Miño entre Porto e Valença cun investimento previsto de 83,2 millóns de euros nos 93 km que ten a liña. A previsión de remate das obras era daquela finais de 2019.

4. O compromiso do actual goberno portugués pola modernización da vía contrasta coa ausencia de iniciativa do goberno español e o silencio cómplice da Xunta de Galiza. Malia os acordos acadados na cimeira ibérica de Baiona en xuño de 2015, a realidade é que o goberno do Estado non impulsou ningunha actuación nin proxecto para modernizar o trazado e a liña que comunica Vigo coa fronteira portuguesa, cunha distancia de aproximadamente 30 km.

Proxectos como a saída sur de Vigo, a solución ao paso da liña férrea polo centro do Porriño, a supresión de pasos a nivel e o remate da electrificación da vía seguen gardados nalgún caixón do Ministerio de Fomento. No caso do proxecto da saída sur, que permitiría darlle continuidade ao trazado do eixo atlántico cara a Portugal pasando por Vigo, está paralizado polo Ministerio de Fomento desde o ano 2007.

Por outra parte, o Ministerio de Fomento adxudicou en 2011 á empresa Proyectos y Servicios a redacción do proxecto construtivo da plataforma do treito O Porriño-fronteira portuguesa do Eixo Atlántico de Alta Velocidade. Desde aquela non volveu haber novas da imprescindíbel mellora desta vía, que estaba incluída no Plan estratéxico de Infraestruturas do Transporte (PEIT) e formaba parte do proxecto

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 17:31
Nº Rexistro: 36966
Data envio: 17/09/2018 17:31:51.043

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prioritario número 19 da Rede Transeuropea de Transportes. Un dos obxectivos desta actuación

6. Ante esta situación, a Xunta de Galiza debe romper a actitude de silencio e complicidade cos sucesivos atrasos desta infraestrutura.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Que xestións realizou o goberno galego para demandar ao goberno do Estado a mellora da conexión ferroviaria entre Vigo e Porto?

2. Cal é o estado de tramitación do proxecto da saída Sur de Vigo?

3. En que estado está a tramitación da mellora da electrificación da liña entre Vigo e a fronteira portuguesa?

4. Que medidas demandou o goberno galego para evitar o paso da vía férrea por O Porriño e para a eliminación de pasos a nivel?

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2018 17:31
Nº Rexistro: 36966
Data envio: 17/09/2018 17:31:51.043

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 17/09/2018 17:18:18

María Montserrat Prado Cores na data 17/09/2018 17:18:24

Ana Pontón Mondelo na data 17/09/2018 17:18:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/09/2018 17:18:27

Olalla Rodil Fernández na data 17/09/2018 17:18:28

Noa Presas Bergantiños na data 17/09/2018 17:18:30